



# BATEA SON

## BASES DO CONCURSO

### Que é o Batea Son?

Os alumnos do **IES Audiovisual de Vigo** presentamos o concurso “Batea Son”. O certame ten por obxectivo dar a coñecer a novas bandas e será celebrado nas instalacións do propio centro. Nesta edición, as bandas para concursar deberán tocar **dúas cancións orixinais**, sen límite de tempo.

O festival pretende dar visibilidade a novas bandas galegas e difundir o traballo destes novos creadores mediante diferentes vías.

Asimesmo, teñen a posibilidade de promocionar as súas cancións e darse a coñecer.

### Quen pode participar?

O certame está dirixido a agrupacións musicais de **dous ou máis membros**.

Admitirase **calquer estilo musical** mentres os participantes respeten:

- Terán que inscribirse en **www.bateason.com** na cal deberán enviar un listado de **necesidades técnicas**.

- Terán que ser maiores de **18 anos**.

- Ademais da folla de inscrición completa con todos os datos que se solicitan é necesario **adxuntar fotocopia do DNI de cada un** dos compoñentes do grupo.

- Deberán enviarse ao correo **contacto@bateason.com**

- O prazo de inscrición estará aberto ata o **13 de decembro de 2021**.

## En que consiste o concurso?

Cada grupo terá que interpretar **dúas cancións orixinais**, que **non** conteñan **linguaxe ofensivo**, letras racistas ou homófobas e que a autoría sexa do propio grupo. Valorarase a calidade da interpretación e a posta en escena por un **xurado formado por profesionais do sector**.

## Cales son os premios?

Os concursantes que se presenten optarán aos seguintes premios:

- Unha **actuación** na sala **“La Fábrica de Chocolate”**.
- **Gravación** dunha **maqueta no estudio Planta Sónica**.

## Quen pode participar?

O prazo de inscrición **finaliza o 13 de decembro de 2021**.

O proceso de inscrición realizarase a través do **formulario que será publicado na páxina oficial do concurso** ou **enviando os seguintes datos a dirección electrónica:** [contacto@bateason.com](mailto:contacto@bateason.com)

- **Nome do grupo**
- **Xénero musical**
- **Localidade**
- **Nome e apelidos dos integrantes e instrumento que interpretan**
- **Data de nacemento e número de DNI dos participantes**
- **Título dos tema propios**
- **Datos de contacto (teléfono e correo electrónico do portavoz)**

Ademais deberán enviar gravacións dos temas (cancións orixinais) nun dos seguintes formatos: **mp3, mp4, wma, aiff ou wav**.

## Data da celebración

O certame realizarase o **Xoves 20 de Xaneiro de 2022**.

Será no teatro do **I.E.S Audiovisual de Vigo (EAV), C/ Eduardo Cabello s/n, Vigo (Bouzas)**.

## Xurado

Unha vez finalizadas as actuacións, e tras un periodo de deliberación, un xurado profesional procederá a elección dos gañadores.

Este xurado estará formado por un mínimo de tres e un máximo de cinco membros.

Todos os membros do xurado procederán do eido profesional da música.

## Concesión e entrega do premio

O gañador coñecerase trala deliberación do xurado profesional e a entrega dos premios realizarase ao finalizar o certame. O resultado publicarase na web e nas redes sociais.

## Réxime de responsabilidade

- A organización, resérvase o **dereito de declarar deserto algún dos premios en caso de que os temas nos acaden a calidade desexada.**
- A organización do festival, poderá **revocar calquera dos premios** en caso de detectar algunha **irregularidade coma linguaxe despectivo** ou ofensivo.
- O feito de presentar a inscrición no concurso implica a aceptación das bases na súa totalidade.
- O **prazo** de inscrición **finalizará o 13 de decembro de 2021.**
- O concurso está organizado polo I.E.S Audiovisual de Vigo, quen terá **pleno dereito sobre a imaxe e son tomados na fase do concurso.**
- Teranse en conta as limitacións técnicas de cada grupo.

## Exclusión dos participantes

A organización do certame resérvase o **dereito a excluir** aos grupos que **non se axusten ás bases** do concurso, que non entreguen **toda a documentación** ou que presenten **datos falsos e/ou erróneos**.